



**OFICINA ECONÓMICA Y CULTURAL DE TAIPEI  
MADRID, ESPAÑA**

**CONVOCATORIA BOLSAS HUAYU 2016**

A Oficina Económica e Cultural de Taipei en España (OECT), en virtude dun convenio de cooperación entre a Academia de Taiwán e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), compace en informar da apertura de convocatoria aos interesados en cursar **DÚAS (2) bolsas Huayu 2016** para a aprendizaxe do idioma chinés mandarín, dividida en dous períodos: unha (1) dun ANO de duración e outra de **SEIS (6) MESES**, na República de China (Taiwán).

1. As bolsas concederanse a persoas maiores de idade (18 anos), con nivel mínimo de Bacharelato e de nacionalidade española.

**2. Descrición da Bolsa:**

(1) Asignación de cotas:

**DÚAS (2) bolsas**, divididas nunha dun (1) ANO e outra de **SEIS (6) meses**, en períodos comprendidos entre:

- Unha bolsa dun (1) ANO de duración, no período comprendido desde o **1º de setembro de 2016 ata o 31 de agosto de 2017**.
- Unha bolsa de **SEIS (6) MESES** de duración, no período comprendido desde o **1º de setembro de 2016 ata o 28 de febreiro de 2017**.

(2) Manutención mensual: NT\$ 25.000 (695 euros aproximadamente)

As universidades nas que estudan os bolseiros concederán esta cantidade cada mes, dependendo da asistencia e da cualificación dos bolseiros durante os cursos.

Tanto o billete de ida e volta de avión como outros gastos durante o período da bolsa, tales como o aloxamento, a comida, o transporte e o seguro, correrán a cargo dos propios bolseiros. Os bolseiros, a partir do quinto mes da obtención do seu Carné de Residencia, poden e deben afiliarse ao Seguro Nacional de Saúde Pública.

### 3. Condición Esencial:

Esta convocatoria **NON** está dirixida aos estudantes españois que cursaron carreiras universitarias en Taiwán,

**NIN** aos que estudan actualmente en Taiwán da mesma categoría,

**NIN** aos ex beneficiarios das Bolsas de TAIWÁN e HUAYU auspiciadas polo Ministerio de Educación da República de China (Taiwán)

**NIN** aos estudantes de intercambio de 2016/2017 dalgún convenio académico e programas de intercambio con algún centro docente de Taiwán,

**NIN** aos beneficiarios de calquera modalidade de bolsas oficiais ou universitarios de Taiwán 2016/2017,

**NIN** aos cidadáns que posúen a nacionalidade da República de China (Taiwán)

### 4. Requisitos Necesarios para a Solicitud:

- Formulario de Solicitud (como anexo)
- Fotocopia de pasaporte ou carné de identidade.
- Currículum Vitae
- Fotocopias da titulación máis alta que se posúa e da certificación académica persoal correspondente do período académico.
- Dúas (2) cartas de recomendación.

**\*As solicitudes con título da Proba de Competencia en Chinés-Mandarín (TOCFL, mínimo Nivel 2) serán tidas en conta favorablemente.**

### 5. Apertura de Concurso: Do 1º de febreiro ao 31 de marzo de 2016.

Recibiranse SOAMENTE solicitudes (con documentos na ORDE precitada) dos interesados vía **CORREO POSTAL**, con data de envío anterior ao 1º de abril de 2016, ao seguinte enderezo:

**Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)**  
**Attn. Convocatoria de Bolsa Huayu 2016**  
Centro Cívico Sur  
Rúa Luís Braille, 40  
36003 Pontevedra  
Tlf: 986 84 34 36

6. **Baremo de Puntuación:** Divídese nas seguintes DÚAS (2) fases:

- (1) **PRIMEIRA Selección** (70%): Avaliación da documentación presentada.
- (2) **SEGUNDA Selección** (30%): Entrevista co Xurado de Selección.

7. **Calendario Administrativo de Selección:**

- (1) Publícase a listaxe dos preseleccionados na PRIMEIRA Selección antes do 30 de abril de 2016.
- (2) A entrevista terá lugar na Oficina Económica e Cultural de Taipei en Madrid (OECT) antes do 20 de maio de 2016. Cada preseleccionado recibirá individualmente aviso previo da OECT antes do 5 de maio de 2016. Os que NON se presenten na data e hora citada, perderán a súa precandidatura.

Oficina Económica e Cultural de Taipei en España (OECT)  
Attn. Convocatoria de Beca Huayu 2016  
C/Rosario Pino, N° 14-16, 18 Dcha.  
28020 Madrid  
Tlf: 91 571 84 26

- (3) Publicarase a resolución dos DOUS (2) bolseiros e dos SEIS (6) suplentes da Bolsa na páxina web do IGADI despois do día 20 de maio de 2016.

8. **En caso de que sexa seleccionado/a como candidato/a**, o interesado deberá contactar cun dos centros de Ensino do idioma chinés de Taiwán (listaxe engadida), solicitando o Certificado de Admisión e, posteriormente, deberá presentar dita admisión na OECT antes do día 15 de xuño de 2016 para completar o proceso. Aquel que NON cumpra co citado trámite, perderá a súa precandidatura, e será substituído/a polos suplentes por orde.

9. **Outorgamento do Certificado de Bolsa:**

A OECT concederá un Certificado de Bolsa aos bolseiros o 31 de xullo de 2016.

10. **Anulación:**

Se houbese irregularidade en calquera documento presentado para o concurso de selección, perderase a cualidade de candidato/a.

11. Para máis información da **Normativa da BOLSA DE HUAYU**, visite a páxina web do Ministerio de Educación da República de China (Taiwán)  
(<https://taiwanscholarship.moe.gov.tw/web/engb02-03.aspx>)

---

**Axuda por correo electrónico:** Se precisa axuda para resolver dúbidas ou preguntas de carácter xeral desta convocatoria, pode usar o seguinte correo electrónico, escriba a mensaxe sen engadir arquivos e a resposta darase o antes posible.

[esp@mofa.gov.tw](mailto:esp@mofa.gov.tw)